

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Nº1-RIBEIRA

CURSOS: 1º, 2º, 3º, 4º ESO E 1º e 2º DE BACHARELATO

MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA

DEPARTAMENTO: RELIXIÓN

DATA: 08/MAIO/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

### **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 1º ESO**

<i>Criterio de avaliación</i>	<i>Estándar de aprendizaxe</i>
1. Traballo de investigación sobre Palestina na época de Xesús. Situar a Xesús no tempo e no espazo.	1. Entende o significado dos Evanxeos como transmisores da mensaxe de Xesús. 2. Recoñece nos Evanxeos a mensaxe de Xesús: O Reino de Deus.
2. Comprender a imaxe de Xesús e da súa mensaxe sobre o Reino de Deus que nos transmiten os Evanxeos.	

### **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 2º ESO**

<i>Criterio de avaliación</i>	<i>Estándar de aprendizaxe</i>
1. Estrutura e organización da Igrexa como Novo Pobo de Deus.	1. Coñece e Identifica os diferentes membros que formamos a Igrexa.
2. Entender o significado dos sacramentos.	2. Recoñece o significado de cada sacramento.
3. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia.	3. Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sagrados do autor divino e o autor humano.

### **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 3º ESO**

<i>Criterio de avaliación</i>	<i>Estándar de aprendizaxe</i>
1. Analizar e entender as manifestacións da Relixiosidade Popular Galega.	1. Defende, de forma razoada, a influencia da fe na cultura e na Relixiosidade Popular Galega. Valora criticamente comportamentos característicos da Relixiosidade Popular Galega.
2. O feito relixioso. Aprender e memorizar os principais trazos comúns das relixións.	2. Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas e politeístas.

### **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 4º ESO**

<i>Criterio de avaliación</i>	<i>Estándar de aprendizaxe</i>
1. Entender a misión do cristián no mundo como a construción da civilización do amor.	1. Investiga sobre iniciativas en favor da defensa da vida humana que contribúen na construción da civilización do amor.
2. Elaboración de traballos sobre temas relacionados coa valoración e defensa e da vida: Aborto, eutanasia, pena de morte, ....	

### **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 1º BAC.**

<i>Criterio de avaliación</i>	<i>Estándar de aprendizaxe</i>
1. Recoñecer e respectar a necesidade de sentido no home.	1. Cualifica as respostas de sentido que ofrece o ateísmo, agnosticismo ou laicismo e contrástaas coa proposta de salvación que ofrecen as relixións.
2. Identificar e contrastar no momento actual diversas respostas de sentido.	

### **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 2º BAC.**

<i>Criterio de avaliación</i>	<i>Estándar de aprendizaxe</i>
1. Recoñecer a relación entre a razón, a ciencia e a fe.	1. Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián resaltando as súas achegas ao ámbito da ciencia e a técnica.
2. Deducir as consecuencias que implica a Doutrina Social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía.	2. Investiga e propón proxectos ou solucións que poderían levar a cabo nas políticas nacionais ou internacionais para facer o mundo máis humano.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> Neste proceso de ensino-aprendizaxe online os procedementos de avaliación baséanse na <b>recollida e valoración das actividades realizadas polo alumnado</b>, así como nas interaccións a través do correo electrónico.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Tarefas realizadas polo alumnado.</p>
<b>Cualificación final</b>	No cálculo da avaliación final farase unha <b>media aritmética</b> da cualificación da primeira e segunda avaliación. A esta nota se lle sumará ata un <b>máximo de 2 puntos polos traballos</b> realizados durante o terceiro trimestre, traballos que servirán tamén para a recuperación das avaliacións previas cando sexa necesario.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Para o alumnado que non promocioe en xuño, na convocatoria extraordinaria de setembro realizará unha proba escrita con contidos da 1ª e 2ª avaliación, podendo ser esta substituída pola entrega dun traballo segundo o acordado co profesor.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Non hai alumnado coa materia pendente.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Durante o 3º trimestre realizaremos exclusivamente actividades de avaliación online. Seguindo as directrices das autoridades educativas, non avanzaremos novos contidos senón que nos centraremos en actividades de repaso e ampliación de contidos xa traballados, con especial fincapé naqueles que favorezan a adquisición dos contidos mínimos e o traballo interdisciplinario. Cada actividade está planificada para poder adaptarse ás diversas capacidades e situacións do alumnado.</p> <p>Co fin de non sobrecargar ao alumnado neste tempo de confinamento, asignase unha marxe ampla de tempo para a realización de cada actividade.</p> <p>As actividades propostas ao alumnado serán online e poderán ser de diferente índole: exercicios, cuestionarios, visionado de charlas e películas, traballos de investigación, etc...</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A nivel metodolóxico intentarase:  Promover o desenvolvemento das competencias básicas.  Ter en conta os coñecementos previos e as capacidades diversas que conflúen nun grupo-aula.  Formular os procesos de ensino-aprendizaxe en torno a problemas didácticos en relación cos obxectos de estudo propostos coa finalidade de incitar á curiosidade e propiciar procesos de investigación e elaboración de traballos.  Para o seguimento do traballo do alumnado, recollida de traballos e resolución de dúbidas empregamos principalmente o correo electrónico.  No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, as tarefas coordínanse co profesorado de apoio correspondente.  Para o alumnado sen conectividade, faremos chegar as tarefas aos titores correspondentes que se encargarán da súa distribución directamente ao alumnado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Apuntamentos da materia.  Recursos online. Páxinas de información e material dispoñibles na Rede.  Este novo espazo educativo, provocado pola pandemia Covid-19, posibilita a aplicación e aproveitamento dunha maior variedade de materias e recursos didácticos online, por exemplo: Mapas ( Palestina en tempos de Xesús ), vídeos, documentáis, películas, páxinas web.  Todos eles veñen a complementar as explicacións do profesor do 1º e 2º trimestre.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	-Aula virtual -Tokapp - Correo electrónico -Correo postal
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro IES Nº 1-RIBEIRA

Ribeira 8 de Maio de 2020  
 Marcelino Sánchez Somoza  
 Xefe de departamento.